

Caderno da crítica

Literatura galega: de todo un pouco; ás veces tamén opinións. Blogue de Ramón Nicolás

Cuestionario Proust: Verónica Martínez Delgado



Verónica Martínez Delgado

- 1.- **Principal trazo do seu carácter?**
-A forza de vontade e o entusiasmo.
- 2.- **Que calidade aprecia máis nas persoas?**
-A intelixencia.
- 3.- **Que agarda das súas amizades?**
-Que continúen a selo.
- 4.- **A súa principal eiva?**
-O exceso e a persistencia ou a insistencia.
- 5.- **A súa ocupación favorita?**
-Estudar, investigar, ler e escribir.
- 6.- **O seu ideal de felicidade?**
-Deixar de sentir frustración e insatisfacción vitais.
- 7.- **Cal sería a súa maior desgraza?**
-Quedar sen o meu traballo actual.
- 8.- **Que lle gustaría ser?**
-O que xa son e nai.
- 9.- **En que país desexaría vivir?**

-Neste, pero coas mentes máis abertas e os ollos menos miopes.

10.- A súa cor favorita?

-Violeta.

11. – A flor que máis lle gusta?

-A verónica.

12.- O paxaro que prefire?

-A águia.

13.- A súa devoción na prosa?

-Moitos, pero escollo a Elisabeth Smart e a Berger.

14.- E na poesía?

-Sophia de Melo, Alexandre O'Neill, Lois Pereiro, Silvia Plath, Luisa Castro, Gioconda Belli..., e moitos e moitas excepcionais do noso país que non cito para non esquecerme dalgún importante.

15.- Un libro?

-Moitos pero quédome con *Poesía última de amor e enfermidade*, co libro sen título, *Te regalo un cuento*, *Minimaladas*, *O principión*...

16.- Un heroe de ficción?

-O bibliotecario Chen Ching.

17.- Unha heroína?

-De ficción Xiu de *O tren de Zhou Yu* e históricas: Camille Claudel, María Pita e María Soliña.

18.- A súa música favorita?

-Calquera de Wim Mertens ou de Chef Baker. Tamén algunhas de Carmen Consolli.

19.- Na pintura?

-Kirchner.

20.- Un heroe ou heroína na vida real?

-Calquera muller do rural ou da costa, da idade da miña nai ou da miña avoa, calquera muller que parira na casa, por poñer exemplos coñecidos, a nai de Alberte Momán ou de Rafa Villar.

21.- O seu nome favorito?

-Brede e Airas.

22.- Que hábito alleo non soporta?

-O coqueteo sen finalidade e que te xulguen.

23.- O que máis odia?

-Calquera tipo de maltrato, xogar coas debilidades das persoas, a envexa, a falta de congruencia e as mentiras.

24.- A figura histórica que máis despreza?

-Case a calquera gobernante actual.

25.- Un feito militar que admire?

-A Revolución Rusa.

26.- Que don natural lle gustaría ter?

-O de dominar calquera arte, sobre todo a música e a pintura.

27. – De que maneira lle gustaría morrer?

-De velliña, na cama, soa, esgotada de vivir.

28.- Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

-O optimismo incondicional.

29.- Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

-Os que levan a erros cometidos sen mala vontade.

30.- Un lema na súa vida?

-Debes tentalo porque ao mellor, chegas e podes. Nunca volvas atrás.